

DOSSIER PARA MEDIOS DE COMUNICACIÓN

Bifrontes
Edificio Sarmiento, Museo de Pontevedra
Do 18 de novembro de 2026 ao 14 de febreiro de 2027

Artistas:
Ignacio Barcia
Luca Carrero
Cristina Chiarroni
Itziar Ezquieta
Nuria Figueiredo
Christian García Bello
Diego Germade
Borxa Guerrero
Yolanda Herranz
Lucía Leirós
Chelo Matesanz
Juan Luis Moraza
Mónica Ortuzar
Begoña Paz
José Andrés Santiago
Javier Tudela

Comisaria:
Covadonga Barreiro Rodríguez-Moldes

Toda imaxe bifronte é unha pregunta aberta que obriga a soster dúas miradas simultáneas e a aceptar a coexistencia de sentidos irreconciliables. Esta exposición parte desta tensión evocando a Xano, a divindade romana representada con dous rostros que miran en direccións opostas.

Na antiga Roma, a *ianua* era a porta principal de entrada dunha casa ou *domus* e estaba vencellada a Xano, protector dos comezos e dos finais. Así como unha porta ten dúas frontes —unha cara ao exterior e outra cara ao interior—, este deus ten dous rostros e a súa posición é a de quen ocupa o lugar que permite pasar dun espazo a outro. Deste xeito, a figura bifronte representa a forma do que permanece no limiar; a forma dunha identidade constituída no tránsito mesmo que se atopa "entre" dous espazos, e a ambos os dous lados simultaneamente.

Porén, a fórmula bifronte non se limita a Xano e, especialmente desde o século I a. C., os romanos produciron tamén hermas dobres nas que se unían dúas cabezas nun mesmo soporte para combinar divindades, idades, sexos ou tipos iconográficos distintos. Esta exposición está presidida precisamente por unha destas hermas, unha peza que nos convida a pensar a coexistencia de categorías contrapostas e a imaxinar aquilo que acontece xustamente no límite, no encontro entre o pasado e o futuro, o interior e o exterior, a identidade e a alteridade.

Nas obras reunidas nesta mostra, realizadas por artistas vinculadas e vinculados á Facultade de Belas Artes de Pontevedra, o límite convértese nun contexto de produción onde as categorías se suspenden, se contaminan e se transforman. A propia situación da facultade, atravesada na actualidade pola renovación dunha parte significativa do seu corpo docente, marca unha profunda transformación que xera unha experiencia bifronte; esixe unha mirada retrospectiva que recoñece as pedagoxías, proxectos e liñas investigadoras que definiron a identidade do centro desde a súa fundación en 1990, ao tempo que proxecta unha ollada cara ao futuro para cuestionar como se reconfigurarán as relacións entre ensino, investigación e produción artística ou que novas prácticas se farán presentes na facultade que vén.

Esta concorrencia entre o pasado e o futuro da facultade, encarnada e sostida nas diferentes obras expostas, constitúe propiamente un estado de tránsito que esta mostra, convertida en limiar, propón explorar.

Mª Covadonga Barreiro Rodríguez-Moldes (Ares, 1983)

Licenciada en Belas Artes e doutora con Mención Internacional pola Universidade de Vigo. Durante dez anos foi docente na Escola Superior Artística do Porto (Portugal) e investigadora no Centro de Estudos Arnaldo Araújo. Actualmente é docente na Facultade de Belas Artes de Pontevedra e directora do Departamento de Escultura da Universidade de Vigo. Coordina o grupo de investigación PRACE, centrado principalmente na dimensión gnoseolóxica dos procesos de creación artística.


Desde o ano 2001 participa en numerosas exposicións tanto individuais como colectivas, destacando os proxectos internacionais *On abstraction* [*Or the Excessive Concern About an Object]* (2022-23), *Hors-série* (2018-19) e *Correspondências* (2017-18), e as exposicións *Afterglow* (2015), *Novas da Negra sombra. 8 morriñentos artistas galegos* (2009), e *Voilà la Femme* (Museo de Pontevedra, 2022). Foi seleccionada en diferentes certames: Tentaciones, no marco de ESTAMPA 2007 en Madrid, Ideas y propuestas para el Arte en España en ARCO 08, ou o VI Premio Auditorio de Galicia para Novos Artistas, entre outros, e recibiu o primeiro premio no Certame da Deputación de Ourense (2008) e unha das Bolsas Novos Valores (2010).

Ademais, desenvolve unha actividade ligada ao comisariado, á coordinación e á conceptualización de proxectos expositivos, educativos e culturais que permiten vincular a creación con contextos sociais, institucionais e pedagóxicos. Deste xeito, a súa traxectoria combina a práctica artística coa investigación e a docencia universitaria, mantendo un compromiso continuado co pensamento visual e os procesos de creación contemporánea.



Herma dobre: Xúpiter-Amón e personificación de Exipto ou África
Mármore
30 x 20 x 20 cm

Ignacio Barcia (Madrid, 1960)



Sen título, 2007
Madeira lacada
46 x 90 x 46 cm c.u.

Licenciado en Belas Artes pola Universidade Complutense de Madrid e Doutor en Belas Artes pola Universidade de Salamanca. Desde 1996 é profesor titular do Departamento de Escultura na Facultade de Belas Artes de Pontevedra.

A súa obra foi exposta en numerosas exposicións colectivas de carácter nacional e internacional en galerías e centros de arte de Vigo, Madrid, Barcelona, Bilbao, Burdeos, Valencia, Berlín, París, Hannover ou Ámsterdam. Comisariou diferentes exposicións vencelladas á súa tarefa docente e investigadora, e foi coordinador da sala X, do Campus de Pontevedra, desde 1994 ata 1998.

Gran parte da súa actividade creadora e investigadora na actualidade está centrada na creación sonora contemporánea, explorando as relacións entre o son e as artes plásticas.

Luca Carrero (La Felguera, 1998)



A miúdo penso en Roma, 2024
Manto de pintura e corda sobre xeso
Medidas variables

Formouse no ámbito da caracterización, os efectos especiais e a escultura aplicada ao espectáculo na Escola de Arte de Oviedo. Posteriormente, estudou o Grao en Belas Artes e o Máster en Creación Artística Contemporánea na Facultade de Belas Artes da Universidade de Vigo. Actualmente é unha das persoas seleccionadas nas residencias artísticas da LABoral. Centro de Arte y Creación Industrial e está a desenvolver o seu doutoramento na Universidade de Vigo.

O seu traballo artístico é multidisciplinar e xira en torno ao corpo, á identidade e ás súas posibilidades de transformación, así como ás relacións que establecemos co que nos rodea e coas tecnoloxías que forman parte da vida cotiá.

Cristina Chiarroni (A Coruña, 1993)





Transmutar II, 2021
Instalación multimedia: Tecido, costura e vídeo
Tela: 170 x 100 cm / Vídeo: 4 min 30 seg

É técnica superior en Artes Plásticas e Deseño en Ilustración pola EASD Pablo Picasso da Coruña, graduada en Belas Artes pola Universidade de Vigo e cun Máster en Dirección de Arte en Publicidade, tamén na Universidade de Vigo. Actualmente é investigadora predoutoral e está a desenvolver a súa tese sobre a creación cerámica contemporánea.

Nos últimos anos participou en diversos eventos culturais e exposicións colectivas en institucións como o Museo Provincial de Lugo, o Museo de Pontevedra, a Cidade da Cultura de Galicia, o Centro de Cultura Contemporánea Condeduque e o MuVIM, entre outros.

Na súa práctica artística traballa con diferentes medios, destacando a cerámica, os elementos téxtiles e instalativos e a videoarte, e abordando temas relacionados co imaxinario infantil, o corpo, a identidade virtual e o territorio.

Itziar Ezquieta (A Coruña, 1975)



Voláteis, 2022
Acrílico, carbón e grafito sobre lenzo
165 x 165 cm

É doutora en Belas Artes pola Universidade de Vigo, e cursou estudos de Historia da Arte na Universidade de Santiago de Compostela. Actualmente é docente na área de Didáctica da Expresión Plástica no departamento de Didácticas Especiais da Universidade de Vigo.

Ao longo da súa traxectoria realizou numerosas exposicións en Galicia e o norte de Portugal, e recibiu varios premios e recoñecementos polo seu traballo artístico. Tamén traballou como ilustradora de literatura infantil.

A súa obra pictórica ten un marcado carácter íntimo e simbólico. Caracterízase por una profunda exploración da identidade, as emocións e as relacións persoais. A través de figuras fragmentadas, rostros, corpos, sombras, obxectos e elementos de gran carga metafórica, constrúe imaxes que abordan os desexos, os medos, o amor, a dor, a soidade ou a fraxilidade humana.

Nuria Figueiredo (Ourense, 1986)



Escóitalo? É o silencio antigo, 2023
Cerámica gres esmaltada, lustre de ouro e cadea dourada
215 x 57 x 43 cm

Iniciou os seus estudos na Facultade de Belas Artes de Pontevedra, pero licenciouse na Universidade do País Vasco. Estudou tamén Cerámica Artística na Escola Municipal de Artes e Oficios de Vigo, e actualmente ten o seu propio taller en Pontevedra, Casa Chamota, un espazo dedicado á creación e á experimentación coa cerámica.

A súa produción artística abarca a cerámica e a ilustración. Participou en exposicións e proxectos artísticos en España, Portugal, París, Roma ou Nova York, entre outros. Entre os seus recoñecementos destaca a selección das súas pezas en varias edicións da Bienal Internacional de Cerámica de Aveiro, o premio Novos Valores (2020), e o terceiro premio do Auditorio de Galicia para Artistas Noveis (2025).

A súa obra está profundamente inspirada pola simboloxía popular, o mundo animal e vexetal, a memoria, a maxia e o misterio. Destaca por crear unha obra de carácter narrativo e simbólico, na que se mestura tradición, imaxinación e sensibilidade contemporánea.

Christian García Bello (A Coruña, 1986)



Caralúa, 2023
Escaiola e area, cera de abella e betún
19 x 19 x 20 cm

Licenciado en Belas Artes pola Universidade de Vigo e cun Máster en Arte Contemporánea, Creación e Investigación na mesma Universidade.

Conta con diferentes premios e ten exposto en diversas mostras de ámbito nacional e internacional. A súa obra presentouse en institucións como La Casa Encendida, CaixaForum ou o Museo Patio Herreriano, así como nas feiras ARCOmadrid, ARCOlisboa ou ArtBrussels. Tamén está presente nas coleccións do Banco Sabadell, DKV, CGAC ou a Fundación Montemadrid.

A súa produción artística parte dunha investigación nas narrativas locais, as formas vernáculas do territorio e a condición poética dos materiais, materializada a través da escultura, a obra sobre papel ou o son, procurando sempre un equilibrio entre o sofisticado e o austero.

Ao mesmo tempo dá charlas, imparte talleres, traballa en programas de deseño estratéxico enfocados na innovación e no desenvolvemento sostible en contornas rurais e urbanas e colabora en proxectos de asuntos públicos enfocados na cultura.

Diego Germade (Cangas do Morrazo, 1980)




Finxo que vén visitarme e eu lle amoso a casa, 2026
Fiestra de aluminio atopada en 2010, fragmentos de porta de madeira de 2015 e 25 pezas de escaiola feitas en 2012
196 x 50 x 10 cm

Licenciado en Arquitectura (IE Universidad), Máster en Arte Contemporánea, Creación e Investigación e doutor en Belas Artes pola Universidade de Vigo. Actualmente combina o seu traballo no ámbito da arquitectura coa docencia na área de Didáctica da Expresión Plástica no departamento de Didácticas Especiais da Universidade de Vigo.

A súa traxectoria comprende a participación en exposicións colectivas e proxectos de intervención artística en espazos públicos, destacando a obtención do primeiro premio do concurso 25 anos da Facultade de Belas Artes da Universidade de Vigo. No ámbito da arquitectura recibiu o Premio do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (COAG, 2023) na categoría de planeamento urbano.

A súa produción artística céntrase na reflexión sobre o lugar, o territorio e a memoria e caracterízase polo diálogo entre as formas, o espazo, a imaxe e a contorna.

Borxa Guerrero (Feás, Cariño, 1983)







Vera ars volandi, 2026

Tarde de setembro.
Baixo un azul profundo,
desprendeuse do peso
e botouse a voar.

Acrílico sobre tea, gravados, son, pedras, cordas
Medidas variables

Licenciouse en Belas Artes pola Universidade de Vigo. Actualmente traballa en OQO Editora, en proxectos de ilustración e na realización de curtametraxes de animación baseados na adaptación de álbums ilustrados infantís.

Participou en numerosas exposicións e obtivo premios como unha das bolsas Novos Valores (2017), ou premios audiovisuais pola dirección de pezas de animación. Na súa traxectoria artística obsérvase a relación entre as artes plásticas e as linguaxes gráficas, cun interese especial polas posibilidades expresivas e narrativas da imaxe e a súa capacidade para comunicar ideas, emocións e relatos.

Un dos seus traballos máis recentes é a ilustración do libro *A xirafa Oriana* (OQO, 2026), con texto de Sabela Gil.

Yolanda Herranz (Barakaldo, 1957)



Tener lo que quieres Querer lo que tienes, 2005
Serie: "El mí y el tú"
Proxecto: Distancias y Abismos
Texto, madeira e serigrafía ouro sobre aluminio lacado vermello sangue
74 x 140 x 3 cm c.u.

Licenciada en Belas Artes pola Universidade do País Vasco e doutora pola Universidade de Salamanca. Actualmente é catedrática en Escultura na Facultade de Belas Artes de Pontevedra e directora do Grupo de Investigación Interdepartamental e Transdisciplinar ES2 da Universidade de Vigo.

O seu traballo formou parte de máis de 200 exposicións en 27 países de Europa, América e Asia, e as súas obras están presentes en diferentes coleccións de museos e institucións de prestixio nacionais e internacionais (CGAC, MARCO, MUSAC...).

A súa obra estrutúrase sobre catro piares fundamentais: texto, natureza, corpo e xénero. As súas propostas inclúen ao espectador desde unha obra entregada á palabra e a potencialidade poética da linguaxe. O seu traballo tamén aborda a vulnerabilidade da condición humana, a dor, a ausencia, e o paso do tempo desde unha perspectiva eminentemente vivencial.

Ademais, a artista dialoga estreitamente coa reivindicación dos dereitos das mulleres e a posición destas na arte e a sociedade, participando activamente en asociacións como *Mujeres en las Artes Visuales (MAV).*

Lucía Leirós (Vilagarcía de Arousa, 2003)



Familia, 2025
Madeira, pasta gres branca CH-F, esmalte
64 x 50 x 50 cm





Sen título, 2025
Gres branco GBCH, esmalte
22 x 8 x 6 cm

Graduada en Belas Artes pola Universidade de Vigo, conta cun Máster en Cerámica: Arte e Función realizado na Universidade do País Vasco e con diversos cursos de especialización en técnicas e procesos cerámicos.

Participou en exposicións e certames artísticos e en iniciativas de mediación e dinamización cultural, desenvolvendo labores de comisariado e programación artística.

A súa práctica céntrase principalmente na cerámica e no uso de materiais vinculados ao contexto, investigando as posibilidades expresivas da materia, as súas transformacións e a súa relación coa natureza e a experiencia humana. A través da manipulación, as fracturas, as marcas e as irregularidades, explora as posibilidades estéticas do imperfecto e dos procesos de cambio. Esta atención ao facer manual e ás eventualidades e accidentes do medio é unha parte fundamental da súa obra.

Chelo Matesanz (Reinosa, 1964)



Seres parlantes que balbucean, 2019
Tela pegada sobre bastidor e marco
115 x 80 cm

Licenciada en Belas Artes nas especialidades de Audiovisuais e Pintura e doutora pola Universidade do País Vasco. Graduouse, ademais, en Psicoloxía na Universidade Nacional de Educación a Distancia (UNED). Actualmente é profesora titular do departamento de Pintura da Universidade de Vigo.

Participou en numerosas exposicións tanto individuais como colectivas, de ámbito nacional e internacional, entre as que destacan a mostra retrospectiva *Mis cosas en observación* (CGAC, 2014), así como a mostra colectiva *Genealogías feministas en el arte español: 1960-2010* (MUSAC, 2012). Tamén participou en feiras como Arco (Madrid), Art Chicago, Art Liste (Basel, Suíza), Riparte (Roma), Art Colonia (Alemaña) ou Expoarte, en Guadalajara (México). A súa obra está presente, así mesmo, en diferentes coleccións de centros e institucións de recoñecido prestixio.

A través do humor e a ironía a súa produción artística cuestiona os estereotipos e as xerarquías tradicionais da arte. O seu traballo, baseado na utilización de materiais (especialmente téxtiles), obxectos e títulos suxestivos e incisivos, ofrece unha mirada crítica que combina o cotián e o simbólico para reflexionar sobre a identidade, o corpo e a sociedade.

Juan Luis Moraza (Vitoria, 1960)



Dividuo, 2009
Bronce niquelado, resinas
11 x 18 x 22 cm



Cronón. Anthropón. Eternón, 2021
Fotogravura, perforación de liña de corte do papel en peite e furado de numeración, corte ondulado, selo en seco, estampado de numeración, sinatura en bolígrafo en anverso e lapis en reverso.
Estampado a partir de 3 pranchas sobre Zerkall-Bütten, 170 g.
38 x 32 cm c. u.

Doutor en Belas Artes pola Universidade do País Vasco, foi profesor titular do departamento de Escultura da Universidade de Vigo.

Considerado unha figura central da xeración da chamada “nova escultura vasca” da década dos oitenta, foi representante de España na Expo ’92 de Sevilla, na Bienal de São Paulo de 1994 e na Bienal de Venecia de 2001. A súa obra está presente en multitude de espazos públicos e privados e en museos coma o Guggenheim de Bilbao, o ARTIUM, o MACBA ou o Museo Reina Sofía. En 2004 recibiu o premio Gure Artea do Goberno Vasco.

Aínda que o seu traballo se enmarca principalmente no ámbito da escultura e a instalación, a súa obra utiliza o espazo expositivo como unha contorna de análise sociopolítica e antropolóxica. A súa linguaxe escultórica opera de forma rigorosa –case científica e política- cuestionando os sistemas de representación, as estruturas de poder, as dinámicas laborais e os rituais institucionais da arte.

Mónica Ortuzar (Bilbao, 1964)



Cadeiras en camiños romanos, 1995-2026
Plastilina e resina
24 x 24 x 14 cm / 15 x 17 x 10 cm

Doutora en Belas Artes pola Universidade do País Vasco, foi profesora titular do departamento de Escultura da Facultade de Belas Artes da Universidade de Vigo.

Foi II Premio de escultura Gure Artea do Goberno Vasco en 1998, e realizou numerosas exposicións individuais, entre as que destacan *Membrana* (*Casa das Artes*, 1996), *Archivo* (Torre de Ariz de Basauri, 2000), *Levitante* (Museo de Arte e Historia de Durango, 2004) e *Winterreise*na (Galería Juan Manuel Lumbreras, 2005). Tamén participou en diferentes exposicións colectivas.

Os intereses de Mónica Ortuzar parten do cuestionamento da noción de obra de arte e, a través do debuxo, a pintura, a instalación ou a escultura, inciden sobre a materialización do feito creativo, nun dobre xogo consistente na utilización de técnicas e soportes artísticos convencionais, para realizar unha obra que está sempre nos límites. A súa traxectoria artística inclúe, ademais, o autorretrato e a investigación sobre a identidade individual e colectiva.

Begoña Paz




In fieri, 2026
Estrutura de madeira, pan de ouro, cera virxe
30 x 14 x 28,5 cm

Licenciada en Belas Artes coa especialidade en Escultura e doutora pola Universidade de Vigo. Actualmente é profesora na área de Didáctica da Expresión Plástica no departamento de Didácticas Especiais da Universidade de Vigo, desenvolvendo o seu labor docente nas facultades de Belas Artes e Ciencias da Educación e do Deporte. Coordina, ademais, o itinerario de Artes no Máster de Educación Secundaria da Universidade de Vigo.

Participa en numerosas publicacións e proxectos de investigación relacionados coa educación artística e a innovación pedagóxica. No eido sociocultural traballou como directora artística en proxectos de intervención artística e humanización en contextos sociais, educativos e sanitarios, así como no ámbito da educación non formal.

Como creadora participou en diferentes exposicións de ámbito nacional, e o seu traballo artístico transita polo territorio fragmentado do ser errante e da identidade como forma biográfica esvaecida.

José Andrés Santiago (Santiago de Compostela, 1981)



Mar de Budas (da serie "O meu Kioto privado"), 2026
Serigrafías modulares realizadas en tinta dourada sobre papel xaponés, 33 teselas de PVC branco gravadas con láser sobre prismas de madeira pintada de branco
Serigrafías: 18 x 7 cm c. u. / Teselas: 7 x 7 cm c. u. / Prismas: 18 x 7 x 7 cm c. u.

Licenciado en Belas Artes na especialidade de Pintura e doutor pola Universidade de Vigo. Na actualidade é profesor titular do departamento de Debuxo da Universidade de Vigo e vicedecano de Relacións Internacionais na Facultade de Belas Artes de Pontevedra.


Participou case nun centenar de exposicións tanto individuais como colectivas en galerías e centros de arte, a súa obra foi seleccionada e premiada en diversos certames nacionais e internacionais.

A súa traxectoria artística combina investigación plástica e académica, concentrándose no estudo do manga e do anime como medios artísticos e culturais, prestando particular atención ás súas transformacións estéticas, narrativas e tecnolóxicas no contexto contemporáneo e postdixital. A súa obra caracterízase pola experimentación con diferentes linguaxes e técnicas, especialmente gráficas, explorando as posibilidades expresivas da imaxe, a composición e o espazo.

Javier Tudela (Vitoria, 1960)



Sísifo VI, 1995
Madeira, ferro, rodas, bronce e arame
Cabeza de bronce: 36 x 24 x 14 cm
Medidas da instalación: aprox. 3 m



Que é a filosofía? (Sísifo IV), 1995
Madeira, ferro e rodas
32 x 95 x 125 cm

Licenciado en Escultura na Facultade de Belas Artes de Bilbao, completou a súa formación no taller pluridisciplinar de Christian Boltanski na *École nationale supérieure des beaux-arts de Paris.* Máster do Instituto de Estética e Teoría das Artes de Madrid e doutor en Filosofía pola Universidade Autónoma de Madrid, foi profesor titular do departamento de Escultura da Universidade de Vigo ata agosto de 2026.

Realizou exposicións individuais e participou en máis de setenta exposicións colectivas. Tamén ten realizado proxectos monumentais e intervencións no espazo público en Vitoria, San Sebastián, Teruel, Las Palmas de Gran Canaria, ou en Kaldarte (Pontevedra), e a súa obra está en diferentes coleccións nacionais e internacionais.

A súa produción combina escultura, fotografía, vídeo e instalación, e investiga conceptos coma o caos, a entropía, a acumulación e a complexidade. Utiliza obxectos cotiás, arquivos, andeis metálicos e elementos compilados en procesos de longa duración para reflexionar sobre a memoria e o residuo cultural.